



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **necesidade de incrementar o número de prazas de aparcamento e de dotarse dunha circunvalación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O caos circulatorio e a falla de aparcamento que padece a nosa cidade ven de agudizarse coa aplicación da nova Ordenanza de Circulación, ao poñerse en marcha a “Zona Azul” que nela se regula. O Goberno Municipal deixa que entre en vigor sen adotar previamente outras medidas, como por exemplo, áreas de aparcamento público gratuítas á entrada do casco urbano, como temos demandado reiteradamente.

Dende o noso punto de vista, esta actuación do Goberno do PP e totalmente desacertada. Ademais, consideramos que o peor aínda esta por vir. Previsiblemente na tempada estival incrementarase o número de vehículos nas nosas rúas, nomeadamente durante as festas de agosto: a habitual concentración de “chiringuitos”, barracas e atraccións na zona do malecón farán, un ano máis, imposíbel o paso e o aparcamento.

É preciso, pois, que o Goberno busque e atope solucións urxentes e eficaces para paliar na medida do posíbel este problema. Dende logo, debería facelo antes de aplicar a **Ordenanza de Circulación**, nomeadamente no relativo á “Zona Azul”. Até o momento a única solución do PP á redución de aparcamento, ao converter en peonís rúas do casco urbano, foi e segue sendo a meramente punitiva: as multas están á orde do día. Ao parecer, a mesma que ten previsto aplicar ante a posta en marcha da “Zona Azul”.

Ribeira necesita máis áreas de aparcamento público gratuíto, ben sinalizado e vías alternativas para desviar o tráfico do centro urbano, acompañado dunha mellora do transporte público, como temos demandado e multitude de ocasións.

Tamén contribuiría a mellorar a circulación a construción dunha circunvalación dende a autovía até o porto. Pero até o momento tampouco se ten feito ningún avance nesa materia por parte do Goberno Popular.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG

S O L I C I T A:

1. Que se habiliten máis espazos de aparcamento próximos ao casco urbano, sinalizándoos debidamente, para atender acoidamente as necesidades da cidadanía.
2. Que se estuden e se indiquen vías alternativas que contribúan a desconxestionar o tráfico do centro urbano.
3. Que se axilice a construción e posta en servizo dunha circunvalación dende a autovía até o peirao.

Ribeira, 23 de abril de 2009

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA